

# Procedemento para a realización da actividade formativa “Presentación e defensa da investigación desenvolvida”

Curso 2025/26

*(Aprobado el 06/04/2022 por la CAPD)*

**Contido:** a actividade consistirá na exposición e defensa oral por parte do estudante de doutoramento dos avances e traballos realizados na súa tese doutoral con respecto ao seu plan de investigación.

**Requisitos dos/das estudantes:** poderán solicitar a realización da actividade formativa aqueles/as estudantes que teñan aprobado o seu plan, non sendo recomendable realizala antes de transcorrer dezaioito (18) meses de tempo no doutoramento. Nembargantes, o estudantado debe ter en conta que esta actividade debe realizarse antes do primeiro período de prórroga, se o solicita, e alomenos seis (6) meses antes do depósito da súa tese de doutoramento e sempre antes de transcorridos 36 meses de dedicación ao seu doutoramento .

**Prazo de presentación:** o alumnado terá que elixir entre a(s) convocatoria(s) anual(is) que estableza para a súa realización a CAPD do programa.

**Documentación a entregar:** o estudantado deberá entregar o formulario de solicitude de participación na convocatoria seleccionada unha vez se informe da apertura do prazo dende a CAPD.

**Convocatorias no curso 2025/26 (CAPD 16/09/2025) :**

1º conv. na semana do 27 de outubro 2025

2º conv. na semana do 22 de xuño 2026

**Datas de realización:**

1º conv. na semana do 24 de novembro 2025

2º conv. na semana do 20 de xullo de 2026

Os doutorandos/as que teñen que facer dita actividade formativa obrigatoriamente no curso 2025/26 son que se matricularon por primeira vez no curso 2023/204

**Modalidade:** a actividade levarase a cabo de forma presencial nas instalación da ETSE. Excepcionalmente e debidamente xustificado poderá levarse a cabo por medios telemáticos, neste caso debe ser previamente solicitado e autorizado.

**Tribunal de avaliación:**

**Composición:** formado por 3 profesores do programa de doutoramento en Enxeñaría Química e Ambiental, tendo en conta que non poderán ser nin o titor/a nin os/as directores/as de tese do/a doutorando/a. Actuando como presidente, vogal e secretario/a, tendo en conta a antigüidade e categoría.

**Nomeamento:** a elaboración dos tribunais proporase para cada convocatoria pola CAPD. Elaborarase unha lista por sorteo onde figure todo o profesorado do programa de doutoramento que irá participando nestes tribunais seguindo a orde correspondente, unha vez participe todo o profesorado do programa volverase ao inicio da lista. Excepcionalmente para esta primeira convocatoria participarán tódolos membros da CAPD é completaranse os tribunais coa lista elaborada previamente do profesorado do programa. O tribunal proposto estará formado por 3 titulares e tres suplentes. A solicitude de non participación no tribunal por parte dun profesor/a deberá estar debidamente xustificada e implicará a súa participación nos tribunais da seguinte convocatoria. Cada tribunal avaliará como máximo 6 doutorandos/as por convocatoria, dependendo do número de estudantes que se presenten, constituiranse tantos tribunais como sexa preciso.

### **Avaliación e informe:**

**Defensa pública:** a avaliación farase mediante unha exposición pública perante o tribunal xulgador. Esta exposición constará de dúas partes: presentación e discusión. Os tempos serán como máximo de 15 minutos/estudiante (50% exposición + 50% debate co tribunal)

**Avaliación:** o tribunal elaborará un único informe razoado de avaliación por cada doutorando/a que o presidente enviará debidamente asinado por correo electrónico ao coordinador/a do programa de doutoramento que será o encargado/a de facer o certificado de realización da actividade e axuntará o informe do tribunal ao/á doutorando/a, ao/á titor/a e aos/ás directores/as de teses e á coordinadora/a da CAPD. O informe poderá ser:

- Favorable
- Favorable condicionado a correccións menores no plan de investigación, co indicación do prazo para a presentación das modificacións requiridas, que non poderá exceder de dous (2) meses. A non presentación das modificacións requiridas no prazo marcado polo tribunal implicará un informe desfavorable. O/A doutorando/a poderá presentar alegacións ante o tribunal e de ser preciso ante a CAPD.
- Desfavorable, deberá estar suficientemente motivado. Neste caso, deberá realizar novamente a actividade nalgunha das seguintes convocatorias antes do depósito da súa tese. O doutorando/a poderá presentar alegacións ante o tribunal e de ser preciso ante a CAPD.